



## Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

### Presentación

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten unha ampla traxectoria dentro da nosa universidade. A principios dos 70 xa se impartían ensinanzas de Ciencias Económicas no antigo Colexio Universitario de Vigo, que en 1980 pasaría a integrarse na Universidade de Santiago de Compostela. En 1990 segrégase no Campus de Vigo, o que suporá o nacemento da Universidade de Vigo.

No curso 1991/92 iníciase a docencia das licenciaturas de Ciencias Económicas e de Ciencias Empresariais no edificio actual, rexistrándose dos procesos de reforma dos seus plans de estudos nos anos 1995 e 2002. A raíz da promulgación do RD 1393/2007 sobre ordenación das ensinanzas universitariasponse en marcha o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, de tal xeito que, para o curso académico 2009/10, comezarán a impartirse as titulacións de Grao en Administración e Dirección de Empresas e en Economía ás que se refiren estas guías.

Perséguese con elo ofertar unhas titulacións máis adaptadas ao contexto actual, cunha adaptación das metodoloxías docentes orientadas cara a aprendizaxe do alumnado e o desenvolvemento das súas capacidades.

### Localización

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo está no Campus de Lagoas/Marcosende, aproximadamente a 15 km. de la ciudad.

En caso de precisar información é posible contactar a través das seguintes vías:

Correo - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus de Lagoas-Marcosende, s/n, 36310 VIGO

Teléfono - 986812400 (Centralita/Conserxería)

986 812403 (Secretaría de Alumnado)

986 812402 (Secretaría do Decanato)

Fax- 986812401

Correo electrónico - secfcee@uvigo.es (Secretaría de Alumnado)

sdfcee@uvigo.es (Secretaría do Decanato)

Web - <http://fcee.uvigo.es/>

### Infraestructuras y Servicios

A Facultade conta cunha importante dotación de infraestructuras destinadas a dar soporte ás actividades de investigación,

docencia e extensión universitaria. Resumidamente, hai 15 aulas de docencia, 13 aulas-seminario, 6 aulas de informática e un aula informática de libre acceso. Adicionalmente dispón dun salón de actos cun aforo aproximado dunhas 550 persoas , un salón de graos para 60-80 personas, biblioteca con 400 postos de lectura e cafetería-comedor.

A continuación desglósase a información sobre servizos importantes para o alumnado:

#### **SERVICIOS OFERTADOS AOS ESTUDANTADO**

##### **- AULA INFORMÁTICA DE LIBRE ACCESO:**

Ordenadores a disposición dos alumnos con aplicacións de uso corrente, acceso a Internet e posibilidade de impresión de documentos

##### **- REDE INALÁMBRICA:**

Acceso WIFI a Internet en toda a Facultade.

##### **- REPROGRAFÍA:**

Fotocopias, encuadernacións, transparencias, impresión de documentos, material de estudo, etc...

Horario regular : Mañá de 9 a 14 h. - Tarde de 15:45 a 18:00 h.

##### **- CAFETERÍA E COMEDOR:**

Servicio de cafetería completo, almorzos e comidas con menús do día.

Horario SS.Cafetería: De 8:45 a 21 h.

Horario SS.Comedor: De 13 a 15:30 h.

##### **- SERVICIOS ADMINISTRATIVOS:**

Servizos de xestión do alumnado (matriculas, traslados, solicitudes de validacións, emisión de títulos, etc...), asuntos económicos e secretaría do Decanato.

Horario atención ó público: De 9 a 14 h.

##### **- BIBLIOTECA:**

Servicio de asesoramento e empréstito bibliográfico, salas de estudo e lectura e consulta bases de datos.

Para o servizo de empréstito requírese carnet de biblioteca.

Dotacións: 414 postos de lectura e estudo.

2 postos consulta bases de datos.

29.000 volumes aprox. (libros, informes, etc.)

560 títulos de publicacións periódicas:

330 revistas e 230 estatísticas.

Horario : De 8:45 a 20:45 h.

## Equipo decanal

Decano: Jorge Falagán Mota

Secretario: Pedro Lorenzo Alonso

Vicedecana de Coordinación e Calidade: Ana Esther Castro Fernández

Vicedecano de Organización Académica: Javier Roca Pardiñas

Vicedecana de Relacións Internacionais: María Gómez Rúa

## Grao en Economía

### Materias

#### Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V03G100V01301	Economía española	1c	6
V03G100V01302	Finanzas	1c	9
V03G100V01303	Matemáticas II	1c	6
V03G100V01304	Microeconomía I	1c	9
V03G100V01401	Contabilidade	2c	6
V03G100V01402	Dirección de empresas	2c	9
V03G100V01403	Estatística II	2c	6
V03G100V01404	Microeconomía II	2c	9

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Economía española</b>				
Materia	Economía española			
Código	V03G100V01301			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	González Gómez, Manuel Cal Bouzada, María Isabel			
Profesorado	Cal Bouzada, María Isabel González Gómez, Manuel Padín Fabeiro, María Carmen			
Correo-e	ical@uvigo.es mgonzalez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia ten por obxectivo: (i) Transmitir coñecemento da economía española (ii) Utilizar información e análise económica (iii) Entender os principais problemas dentro de cada area económica.			

<b>Competencias</b>	
Código	
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT3	Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

<b>Resultados de aprendizaxe</b>		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas, a través da aplicación ao contexto económico español	CE2	CT1 CT7
Coñecer o marco institucional da economía española, identificando procesos e aplicando principios de economía institucional	CE3	CT1
Capacidade para situar a economía española na súa evolución histórica, elixindo e reunindo aspectos clave dos procesos económicos	CE4	CT1 CT7
Comprender as bases de funcionamento da economía española, reunindo e artellando aspectos dos ámbitos máis xenéricos cos aspectos sectoriais	CE5	CT7
Ampliar e exercitar coñecementos e técnicas de análise económica, a través de aplicacións á economía española, relacionando variables e resolvendo problemas	CE6 CE9 CE10 CE12	CT5
Exercitarse na procura e identificación de fontes de información económica, e na avaliación e interpretación de datos relevantes para a economía española	CE8 CE12	CT2 CT5
Elaborar e defender informes e/ou análises referentes a diferentes aspectos da economía española, identificando problemas, elixindo información e métodos, argumentando e diagnosticando.	CE4 CE5 CE8 CE9	CT2 CT3 CT5 CT7

<b>Contidos</b>	
Tema	

I. INTRODUCCION. COORDENADAS BÁSICAS	1. O desenvolvemento económico español. Etapas e factores de crecemento 2. Recursos humanos, naturais e sociais. 3. A economía española no contexto europeo e mundial
II. AS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS	4. Actividades Primarias. Agricultura. Pesca. 5. Sector enerxético. 6. A industria. 7. Os servicios
III. ASPECTOS INSTITUCIONAIS E DISTRIBUTIVOS	8. Mercado de traballo 9. Sistema financeiro e mercados 10. Sector público 11. A distribución da renda

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas con apoio das TIC	14	10	24
Traballo tutelado	2	30	32
Lección maxistral	30	60	90
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Nas aulas de informática, realizaránse fundamentalmente tarefas ben definidas de análise e interpretación de datos sobre aspectos relacionados co temario. O obxectivo é aprender o tratamento de información e elaboración de informes que lle permitan o estudantado describir fenómenos da economía española como inflación, desemprego, crecemento económico etc.
Traballo tutelado	Cada traballo ou informe mellorado estará baseado no aprendido nas aulas de informática e clases teóricas. Será realizado unha vez o alumnado se familiarizou cos conceptos necesarios, con bases de datos e co proceso de interpretación de información que inicia na aula de informática ca elaboración do informe. Cada traballo tutelado é a continuación das sesións de aula de informática e clases maxistras e inclúe a elaboración dun informe en base a información estadística e contidos do programa da materia que previamente se aprenderon nas clases de teoría e práctica. Estes traballos tutelados ou informes mellorados forman parte do traballo persoal do alumnado e serán correxidos polo profesor de cada práctica para alumnado que segue avaliación continua.
Lección maxistral	Expoñeránse de maneira resumida os contidos máis sustanciais de cada tema. Desta forma, o alumno irá compoñendo un primer esquema de rasgos básicos da economía española, e, simultaneamente, familiarizaráse co uso de esquemas interpretativos e con fontes de información estadística, que posteriormente terá que seguir exercitando autónomamente con análise comparativo e descritivo e usando bibliografía e outro material recomendado.

### Atención personalizada

Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	O estudantado desenvolverá informes sobre temas do contido da materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas con apoio das TIC	Aprendizaxe de elaboración de informes en base a fontes estadísticas e ferramentas de tratamento de información e responder cuestionarios. Probas con preguntas de desenvolvemento e obxectivas que se desenvolven de maneira continua ao longo do curso.	25	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE12 CT1 CT2 CT3 CT5 CT7
Traballo tutelado	Informes relativos aos contidos do programa da materia. Probas con preguntas de desenvolvemento e obxectivas que se desenvolven de maneira continua ao longo do curso.	25	CE2 CE3 CE5 CE8 CE10 CE12 CT3 CT5 CT7

Lección maxistral	Preguntas, comentarios de textos e datos relativos aos contidos do programa. Probas con preguntas de desenvolvemento e obxectivas que se desenvolven de maneira continua ao longo do curso.	50	CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE8 CE9	CT1 CT5 CT7
----------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----	-----------------------------------------------	-------------------

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Transcorrida a metade do curso, os estudantes deben decidirse polo sistema de avaliación continua ou exame final. No caso de optar por está última opción, o exame final suporá o 100% da cualificación.

Este tipo de probas (elaboración de informes e uso de TIC, exercicios e/ou comentarios relativos os contidos do programa, preguntas e/ou comentarios de textos e/ou datos relativos os contidos do programa) manteranse en todas as convocatorias do curso.

Na convocatoria de Fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

En relación coas datas das probas finais, debe consultarse a páxina <http://fccee.uvigo.es/>

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

GARCÍA DELGADO, J.L.; MYRO, R:(Dir.), **Lecciones de Economía Española**, décimocuarta, Civitas-Tomson Reuters, 2019

CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL, **Memoria sobre la situación socioeconómica y Laboral. España 2019**, 978-84-8188-386-2, primera, CES, 2019

GARCÍA DE LA CRUZ, J.M.; RUESGA BENITO, S. (coord.), **Economía española. Estructura y regulación**, Paraninfo, 2017

HARRISON, J. CORKILL D., **Spain: A modern Economy**, Ashgate publishing, 2004

SCHWAB, K (Editor), **The Global Competitiveness Report 2016-2017**, World Economic Forum, 2016

CONSEJO ECONOMICO Y SOCIAL, **Informe 04/2019 sobre La industria en España: propuestas para su desarrollo**, 978-84-8188-389-3, primera, <http://www.ces.es/>, 2020

#### Bibliografía Complementaria

ALONSO, J.A.; MYRO, R. (dirs.), **Ensayos sobre economía española**, Civitas-Thomson, 2014

BANCO DE ESPAÑA, **Boletines económicos y documentos**, [www.bde.es](http://www.bde.es), 2020

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA, **Anuario estadístico de España, España en cifras, otras publicaciones**, [www.ine.es](http://www.ine.es), 2018

ECONOMISTAS, **España. Un balance**, Anual, Colegio de Economistas, 2007-2018

PAPELES DE ECONOMÍA ESPAÑOLA, **Colección de Revistas**, Funcas, 2007-2018

PÉREZ DÍAZ, F. (Dir.), **Crecimiento y competitividad. Trayectoria y perspectivas de la economía española.**, ([www.fbbva.es](http://www.fbbva.es)), BBVA-ivie, 2012

EUROSTAT, **Anuarios e Informes**, <http://epp.eurostat.ec.europa.eu>, 2018

FUNDACIÓN COTEC, **Informe Cotec 2016. Tecnología e innovación en España**, F. Cotec, 2018

COMISIÓN EUROPEA, **Informes y series de datos**, [http://ec.europa.eu/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/index_es.htm), 2018

FMI, **Informes**, [www.imf.org/external/spanish/index.htm](http://www.imf.org/external/spanish/index.htm), 2018

BANCO MUNDIAL, **Informes**, [www.bancomundial.org](http://www.bancomundial.org), 2018

FAO, **Informes anuales agricultura, pesca, alimentación**, [www.fao.org](http://www.fao.org), 2018

FUNCAS, **Cuadernos de Información Económica; Indicadores**, [www.funcas.es](http://www.funcas.es), 2018

FUNCAS, **Spanish Economic and Financial Outlook**, [www.funcas.es](http://www.funcas.es), 2018

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA, **Informes**, [www.meh.es](http://www.meh.es), 2018

TURESPAÑA, **Informes periódicos**, [turspain.es](http://turspain.es), 2018

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO, **Libro de Energía en España**, [www.minetad.es](http://www.minetad.es), 2018

SECRETARÍA DE ESTADO DE COMERCIO, **Informes de Comercio Exterior**, [www.coemrcio.gob.es](http://www.coemrcio.gob.es), 2018

CAIXABANK, **Informe Mensual**, [www.caixabankresearch.com](http://www.caixabankresearch.com), 2018

FEDEA, **Documentos (colección)**, [www.fedea.es](http://www.fedea.es), 2018

ALDE, **Blog Aldea Global**, [www.alde.es](http://www.alde.es) ó <https://blogaldeaglobal.com/>, 2018

SAWYER, M., **The UK Economy**, 16th Edition, Oxford University Press, 2005

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Economía mundial/V03G100V01202

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Economía: Técnicas de economía aplicada/V03G100V01105

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descrición**

---

#### **=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

#### **=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===**

\* Metodoloxías docentes que se manteñen: Porase a disposición do alumnado material (transparencia e datos) para realizar unha aprendizaxe autónoma ou semipresencial mantendo a diferenza entre actividades prácticas con ferramentas informáticas (fontes estatísticas, tratamento da información, responder cuestionarios de preguntas relativas ao temario da materia, informes) e aprendizaxe de contido teórico (transparencias, cuestionarios, exercicios).

\* Metodoloxías docentes que se modifican: Dentro das posibilidades porase a disposición do alumnado material (transparencia e datos) para realizar unha aprendizaxe autónoma ou semipresencial mantendo a diferenza entre a baseada nun uso de ferramentas informáticas (fontes estatísticas, tratamento da información, responder cuestionarios de preguntas relativas ao temario da materia, informes) e aprendizaxe de contido teórico (transparencias, cuestionarios, exercicios).

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías). Atenderanse as dúbidas do alumnado por correo electrónico e en titorías virtuais utilizando campus remoto.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir. Sen cambios

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe.

\* Outras modificacións

#### **=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===**

\* Probas xa realizadas

No caso de terse realizadas probas no sistema presencial estas teranse en conta proporcionalmente na avaliación continua. O peso das probas realizadas dependerá do número de horas de clase (prácticas con apoio de TICs, traballo tutelado e leccións maxistras) presenciais impartidas en relación ao total de horas de clase (clase con prácticas de apoio de TICs, traballo tutelado e leccións maxistras) recollidas no apartado de planificación desta guía.

\* Probas pendentes que se manteñen

Na avaliación continua, as probas periódicas concentraranse en dúas probas con idéntico peso cada unha delas. A primeira realizarase á metade de cuatrimestre e a segunda o finalizar. Realizarase unha ou dúas probas en función das horas de clases afectadas polo plano de continxencia (PC): unha proba se as horas de clase afectadas polo PC son menos do 50% de horas total de clase recollidas no apartado de planificación desta guía docente e dúas probas se as horas de docencia afectadas PC son máis ou igual ó 50% das horas total de clase recollidas no apartado de planificación desta guía docente. Para estas probas seguen sendo válidas as proporcións de avaliación recollidas no epígrafe de avaliación desta guía: prácticas con apoio de TICs, traballo tutelado e lección maxistral.

\* Probas que se modifican: a avaliación continua, as probas periódicas concentraranse en dúas probas con idéntico peso cada unha delas. A primeira realizarase á metade de cuatrimestre e a segunda o finalizar. Realizarase unha ou dúas probas en función das horas de clases afectadas polo (PC): unha proba se as horas de clase afectadas polo PC son menos do 50% de horas total de clase recollidas no apartado de planificación desta guía docente e dúas probas se as horas de docencia afectadas polo plano de PC son máis ou igual ó 50% das horas total de clase recollidas no apartado de planificación desta guía docente. Para estas probas seguen sendo válidas as proporcións de avaliación recollidas no epígrafe de avaliación desta guía: prácticas con apoio de TICs, traballo tutelado e lección maxistral.

\* Novas probas

\* Información adicional

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Finanzas</b>				
Materia	Finanzas			
Código	V03G100V01302			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Rodríguez de Prado, Francisco			
Profesorado	Cabaleiro Casal, María José Docampo Barrueco, José María Rodríguez de Prado, Francisco			
Correo-e	fprado@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://fprado.webs.uvigo.es/">http://https://fprado.webs.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	Nesta materia plantearanse aos alumnos os conceptos básicos das Finanzas empresariais e de mercados financeiros para axudarlles a adquirir as competencias relacionadas con aqueles aspectos da Economía Financeira a nivel micro e macroeconómico.			

<b>Competencias</b>	
Código	
CE1	Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE7	Comprender o entorno empresarial
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

<b>Resultados de aprendizaxe</b>		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Coñecer o valor do diñeiro no tempo e a lóxica da valoración financeira	CE1 CE8 CE12	
Coñecer e valorar as equivalencias financeiras no tempo	CE1 CE8 CE12	CT7
Coñecer a dinámica amortizativa de préstamos	CE1 CE8 CE12	CT7
Calcular rendementos e custos reais de operacións financeiras	CE1 CE8 CE12	CT7
Coñecer as nocións básicas de xestión financeira en empresas	CE5 CE7 CE9	
Coñecer os aspectos básicos do sistema financeiro nacional e internacional	CE3 CE5 CE9	
Aplicar o cálculo financeiro a valoración de activos	CE1 CE8 CE9 CE12	
Comprender e estimar a influencia do risco na valoración de activos e na composición de carteiras	CE1 CE5 CE9 CE12	
Aplicar ferramentas informáticas nos cálculos propostos	CE8 CE12	CT7

## **Contidos**



Tema	
Xestión Financeira	As finanzas na Economía. Os fluxos financeiros. Nivel micro: xestión financeira empresarial. Nivel macro: sistema financeiro
Cálculo Financeiro e Operacións Financeiras	- Cálculo financeiro básico: Valor do diñeiro no tempo. Capitalización simple e composta. Tipos de interese equivalentes. Efecto inflación. Desconto simple comercial. Valoración de rendas financeiras. - Operacións financeiras de préstamos: Operacións de préstamo. Clasificación. Formulación financeira: estrutura de pagos e custo.
Xestión de investimentos e financiamentos	Nocións básicas de xestión financeira empresarial. Obxectivo das empresas. Xestión de activos e pasivo: principais características. Principais alternativas de financiamento empresarial: capital, autofinanciación e endebedamento.
Sistema Financeiro	Concepto, función, características, integrantes e clasificacións
Valoración de activos reais e financeiros: rendibilidade e risco	- Activos Financeiros de renda variable: Concepto e función. Operativa. Mercados de negociación e intermediarios - Activos Financeiros: renda fixa: Concepto e función. Valoración e risco. Clasificación. Mercados de negociación e intermediarios
Xestión de activos financeiros e carteiras	Concepto de carteira de valores. Rendibilidade e risco. Diversificación. Xestión de carteiras

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	30	30	60
Lección maxistral	45	80	125
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	37	40

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Proposta de exercicios prácticos en grupo de laboratorio reducido como complemento da explicación teórica dos contidos da materia. Resolución conxunta cos alumnos e atención personalizada do docente. Resolución de dúbidas aos alumnos.
Lección maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos máis relevantes, a partir da base de material docente posto a disposición dos alumnos en plataforma e bibliografía indicada.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Resolución exercicios propostos en grupos reducidos co asesoramento personalizado do profesor

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación continua a través de exames parciais con resolución de probas escritas presenciais, sobre a adquisición de competencias da materia. Os alumnos poderán optar entre avaliación continua a través de exames parciais (100% nota final), ou de maneira alternativa, avaliación global de toda a materia nos exames finais e fin de carreira das convocatorias oficiais (100% nota final). Sistema de avaliación continua: Realizaranse ao longo do curso 3 probas, cunha ponderación do 35% a primeira, 35% a segunda e 30% a terceira. A última destas probas terá lugar o mesmo día que o exame final. Os estudantes poderán optar entre avaliación continua ou avaliación global a través de exame final (100%) o día do exame final na súa primeira oportunidade. No exame de segunda oportunidade e fin de carreira non se conserva a nota de avaliación continua e necesariamente haberá que realizar un exame final global co 100% da cualificación.	100	CE1 CE3 CE5 CE7 CE8 CE9 CE12

### Outros comentarios sobre a Avaliación

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Moovi, **Material práctico y teórico**,

Brigham, E.F. and Erhardt, M, **Financial management: theory and practice**, South western Thompson learning, 2002

Pisón Fernández, Irene, **Dirección y gestión financiera de la empresa**, Pirámide, 2001

Rodríguez Sánchez, J.A. y Rodríguez Parada, S., **Cuadernos de matemática de las operaciones financieras**, Tórculo, 2000

### **Bibliografía Complementaria**

Pindado García, J., **Finanzas empresariales**, Paraninfo, 2012

Hayat, S. y San Millán, A, **Finanzas con excel**, Mc Graw Hill, 2006

Suárez Suárez, A.S., **Decisiones óptimas de inversión y financiación**, Pirámide, 2014

PArejo Gamir, Cuervo, A. y otros, **Manual de Sistema Financiero español**, Ariel, 2014

Martínez Álvarez, J.A. y Calvo Gozález, J.L., **Banca y mercados financieros**, Tirant lo Blanch, 2012

Pampillón Fernández, Fernando, **Ejercicios de Sistema Financiero español**, Dykinson, 2005

Brealey, R., Myers, S. y Marcus, A., **Fundamentos de finanzas corporativas**, Mc Graw Hill, 2007

MARTÍN Marín, J.L. y TRujillo Ponce, A., **Manual de mercados financieros**, Thompson, 2004

Steiner, B., **Conceptos esenciales del mercado financiero**, Reuters, 2002

De Pablo López, A., **Valoración Financiera**, CEntro ESTudios Ramon Areces, 2002

De Pablo López, A., **Matemáticas de las operaciones Financieras**, UNED, 2000

Delgado, Concepción, **Matemática Financiera**, Palomero Delgado, 1995

González Catalá, Vicente, **Análisis de las operaciones financieras, bancarias y bursátiles**, Ed. Ciencias Sociales, 1995

Pozo Carrero, E. y Zuñiga Rodríguez, J., **Problemas de matemática financiera**, Esic, 1996

Bonilla Musoles, M. y Ivars Escortell, A., **Matemática de las operaciones financieras**, AC, 2006

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Contabilidade/V03G100V01401

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Empresa: Economía da empresa/V03G100V01204

Estatística: Estadística I/V03G100V01205

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Seguiremos mantendo as diversas metodoloxías docentes se é necesario nun escenario non presencial ou parcialmente presencial

\* Metodoloxías docentes que se modifican

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

correo electrónico, teléfono e despacho campus remoto

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Todo o material necesario está incorporado na plataforma moovi

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñese o mesmo sistema de avaliación, pero si as probas parciais ou finais non se poden realizar presencialmente,

realízaranse se é necesario nun escenario non presencial ou parcialmente presencial

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Matemáticas II</b>				
Materia	Matemáticas II			
Código	V03G100V01303			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Matemáticas			
Coordinador/a	Vázquez Pampín, María del Carmen			
Profesorado	Vázquez Pampín, María del Carmen			
Correo-e	cvazquez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta asignatura é proporcionar ó estudante a linguaxe e as principais técnicas matemáticas necesarias para poder entender a literatura económica elemental e capacitalo para plantexar e analizar os modelos dos problemas económicos.			

<b>Competencias</b>	
Código	
CE1	Comprender as ferramentas matemáticas básicas, necesarias para a formalización do comportamento económico
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT3	Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas
CT4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

<b>Resultados de aprendizaxe</b>		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas baseado no manexo da álgebra lineal e da análise matemática.	CE1 CE10 CE12	CT2 CT5
Comprender as técnicas matemáticas básicas, necesarias para a modelización do comportamento económico	CE1 CE10 CE12	CT5
Avaliar, utilizando técnicas matemáticas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas	CE1 CE12	CT2 CT7
Habilidades para argumentar de modo rigoroso, coherente e intelixible, tanto en forma oral como escrita	CE1 CE10	CT2 CT3 CT4 CT5

<b>Contidos</b>	
Tema	
1. Formas cadráticas	Autovalores. Diagonalización. Formas cadráticas. Estudo do signo dunha forma cadrática.
2. Derivadas de funcións de varias variables	Derivadas direccionais e derivadas parciais. Vector gradiente. Matriz jacobiana. Regra da cadea. Derivadas sucesivas. Matriz hessiana. Teorema de Taylor.
3. Funcións homoxéneas	Funcións homoxéneas. Propiedades. Teorema de Euler.
4. Funcións definidas implícitamente	Funcións definidas implícitamente por unha ou varias ecuacións. Relación marxinal de substitución. Derivación de funcións implícitas.
5. Funcións cóncavas e convexas.	Funcións convexas e funcións cóncavas. Casi-concavidade. Propiedades. Caso de funcións diferenciables. A función de utilidade. Concavidade e formas cadráticas.
6. Problemas de extremos sen restricións	Óptimos locais e globais. Condicións necesarias de primeira e segunda orde para a existencia de extremos. Condicións suficientes.
7. Problemas de extremos con restricións de igualdade	Formulación do problema. O problema do consumidor. Condición necesaria para a existencia de óptimos: Teorema dos multiplicadores de Lagrange. Condicións suficientes.

8. Problemas de extremos con restricións de desigualdade	Formulación do problema. Saturación de restricións. Condición necesaria para a existencia de extremos: Teorema de Kuhn Tucker. Condicións suficientes.
9. Optimización dinámica	Formulación do problema de cálculo de variacións. Condición de Euler. Condicións suficientes.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	15	30
Resolución de problemas	10	30	40
Seminario	15	30	45
Prácticas con apoio das TIC	5	5	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	12	15
Exame de preguntas obxectivas	2	8	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte da profesora, base teórica e directrices de traballo a desenrolar polo estudante.
Resolución de problemas	Formulación, análise, resolución e debate de problemas ou exercicios relacionados coa temática da materia. Adoitase utilizar como complemento da sesión maxistral.
Seminario	Sesións nas que o docente orientará e guiará o proceso de aprendizaxe do alumnado
Prácticas con apoio das TIC	Utilización de software de cálculo simbólico para a resolución de exercicios relacionados coa temática da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Asesoramento para o desenvolvemento de actividades da materia.
Seminario	Seguimento do traballo individual do alumno para asesoramento no proceso de aprendizaxe.
Prácticas con apoio das TIC	Seguimento do traballo individual do alumno para asesoramento no proceso de aprendizaxe.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Seminario	Formulación, análise, resolución e debate de problemas ou exercicios, repartidos ao longo do curso.	30	CE1 CE10 CE12	CT2 CT3 CT4 CT5 CT7
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de exercicios relacionados coa temática da materia utilizando software de cálculo simbólico.	10	CE1	CT2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exercicios teóricos e prácticos similares aos realizados nos seminarios. Formarán parte do exame final	30	CE1 CE10 CE12	CT5 CT7
Exame de preguntas obxectivas	Cuestións teóricas e prácticas que formarán parte do examen final.	30	CE1 CE10 CE12	CT5 CT7

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota final será a suma da nota obtida nas probas realizadas nas clases prácticas durante o curso cunha ponderación do 40% sobre o total, e da nota obtida no exame final, cunha ponderación do 60% do total. No caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, a nota obtida polo traballo ao longo do curso manterase para a convocatoria de xullo.

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudante, previa comunicación ó profesorado, poderá optar a ser avaliado cun único exame final que suporá o 100% da cualificación. Esta circunstancia debe ser notificada no transcurso das 4 primeiras semanas do cuadrimestre.

Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

As datas de exames son competencia do decanato e deberán ser consultadas na web da Facultade.

## Compromiso ético

Esperamos que o alumnado presente un comportamento ético axeitado. No caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparatos electrónicos non autorizados,...) a cualificación final será de SUSPENSO (0) e o feito será comunicado á dirección do Centro para os efectos oportunos.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Jarne G., Pérez-Grasa I., Minguillón E., **Matemáticas para la Economía. Álgebra lineal y Cálculo diferencial.**, McGraw Hill,

Barbolla R.,Cerdá E. y Sanz P., **Optimización. Cuestiones, ejercicios y aplicaciones a la Economía**, Pearson Educación,

Pérez-Grasa I., Minguillón E. y Jarne G., **Matemáticas para la Economía. Programación matemática y sistemas dinámicos**, McGraw Hill,

Barbolla R.,Cerdá E. y Sanz P., **Optimización. Programación Matemática y aplicaciones a la Economía**, Editorial Garceta,

#### **Bibliografía Complementaria**

Sydsaeter K., Hammond P. y Carvajal A. J., **Matemáticas para el análisis económico(2ª ed)**, Pearson Education,

Besada M. y otros, **Cálculo de varias variables. Cuestiones y ejercicios resueltos**, Pearson Educación,

Besada M. y otros, **Cálculo diferencial en varias variables. Problemas y cuestiones tipo test resueltos**, Editorial Garceta,

Balbás A. y otros, **Análisis matemático para la economía I y II**, Editorial A. C.,

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

---

### **Plan de Continxencias**

#### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Manteranse as mesmas metodoloxías na docencia e titorias non presenciais, coa utilización do Campus Remoto ou outros medios dos que a Universidade de Vigo dispoña. Non haberá modificacións nos contidos a impartir.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Manterase a mesma estrutura de probas. As realizadas de xeito presencial terán a mesma ponderación prevista. As probas que teñan que facerse de xeito virtual terán unha valoración máxima do 70% do previsto inicialmente, que se complementará, no restante 30%, con probas orais curtas.

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Microeconomía I**

Materia	Microeconomía I			
Código	V03G100V01304			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Pazo Martínez, María Consuelo			
Profesorado	Pazo Martínez, María Consuelo			
Correo-e	cpazo@uvigo.es			
Web				

**Descrición xeral** Esta materia impártese no primeiro cuadrimestre do segundo curso do grao en Economía e xunto coa materia "Microeconomía II", impartida no segundo cuadrimestre, configura un curso completo de microeconomía intermedia. Estas dúas materias desenvolven máis formalmente os contidos presentados na materia "Economía: Principios de Economía I", co obxectivo de familiarizar aos estudantes co método da análise económica, en particular, co proceso de modelización dos problemas económicos. O obxectivo concreto é analizar detalladamente o comportamento individual dos axentes económicos e o funcionamento dos mercados nos que interactúan, tanto nun contexto de competencia perfecta (Microeconomía I), como nun contexto de competencia imperfecta (Microeconomía II). A análise realizarase, en primeiro lugar, desde unha perspectiva de equilibrio parcial (Microeconomía I), para logo abordar a análise desde unha perspectiva de equilibrio xeral (Microeconomía II).

**Competencias**

Código	
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE7	Comprender o entorno empresarial
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
1. Desenvolver nos estudantes a capacidade para analizar de forma rigorosa os efectos de cambios na contorna económica sobre o comportamento dos axentes e a súa consecuente repercusión nos mercados.	CE2 CE5 CE6	CT5
2. Lograr que os estudantes sexan capaces de analizar a realidade económica utilizando instrumentos de análise económica, en particular, modelos económicos simples que lles permitan argumentar de forma coherente.	CE7 CE10	
3. Potenciar a habilidade de expresar e defender argumentos de forma coherente e fundamentada.	CE10	CT5
4. A obtención dos resultados anteriores contribuirá a capacitar aos estudantes para a realización de informes de asesoramento económico.		

**Contidos**

Tema	
PARTE I. INTRODUCCION.	1. INTRODUCCIÓN. Microeconomía: Concepto e contido. Optimalidad e concepto de equilibrio. Oferta e demanda. Estática comparativa. Concepto de eficiencia. Bibliografía: Varian, capítulo 1.

2. A RESTRICIÓN ORZAMENTARIA.

Propiedades do conxunto orzamentario. Efectos de variacións de prezos e renda sobre a recta orzamentaria. Efectos de impostos, subvencións e racionamento.

Bibliografía: Varian, capítulo 2.

3.- PREFERENCIAS. Supostos básicos. Curvas de indiferenza. Convexidade das preferencias. Relación Marxinal de substitución.

Bibliografía: Varian, capítulo 3.

4. UTILIDADE.

Utilidade ordinal e utilidade cardinal. Utilidade marxinal. Relación entre a utilidade marxinal e a relación marxinal de substitución.

Bibliografía: Varian, capítulo 4.

5. ELECCIÓN ÓPTIMA DO CONSUMIDOR.

Elección óptima. A función de demanda individual. Solucións de esquina. Efectos dun imposto sobre a cantidade versus imposto sobre a renda.

Bibliografía: Varian, capítulo 5.

6. ESTÁTICA COMPARATIVA EN DEMANDA.

Variacións da renda: Bens normais e inferiores. Curvas de oferta-renda e curvas de Engel. Variacións nos prezos: Bens ordinarios e bens Giffen. Curvas de oferta-prezo e curvas de demanda. Bens substitutivos e complementarios. Función inversa de demanda.

Bibliografía: Varian, capítulo 6.

7. A ECUACIÓN DE SLUTSKY.

Efecto substitución. Efecto renda. Lei de demanda e a ecuación de Slutsky. Curvas de demanda compensadas.

Bibliografía: Varian, capítulo 8.

8. EXCEDENTE DO CONSUMIDOR.

Variación compensatoria e variación equivalente. Excedente do consumidor.

Bibliografía: Varian, capítulo 14.

9. ELECCIÓN CON DOTACIÓNS INICIAIS. A OFERTA DE TRABALLO.

Demandas brutas e netas. Restrición orzamentaria con dotacións iniciais. A restrición orzamentaria consumo-lecer. Elección óptima: demanda de lecer, oferta de traballo. Estática comparativa.

Bibliografía: Varian, capítulo 9.

10. ELECCIÓN INTERTEMPORAL: O MODELO CONSUMO-AFORRO.

A restrición orzamentaria: tipos de desconto, valor actual e valor futuro. A elección intertemporal. Estática comparativa. Efectos da inflación.

Bibliografía: Varian, capítulo 10.

11. A DEMANDA DE MERCADO.

Da demanda individual á demanda de mercado. A elasticidade.

Bibliografía: Varian, capítulo 15.



### PARTE III. TEORIA DA PRODUCCION.

#### 12. A TECNOLOXÍA.

Factores e produtos. Conxunto de produción e función de produción. Produtividade marxinal e produtividade media. Isocuantas e relación técnica de substitución. Os rendementos a escala.

Bibliografía: Varian, capítulo 19. Pindyck e Rubinfeld, capítulo 6. Estrin e Laidler, capítulo 11.

#### 13. MAXIMIZACIÓN DE BENEFICIOS.

Maximización de beneficios a curto prazo e a longo prazo. As funcións de demanda de factores. Maximización de beneficios e rendementos a escala.

Bibliografía: Varian, capítulo 20.

#### 14. CUSTOS DE PRODUCCIÓN.

Minimización de custos: funcións de custos a curto e longo prazo.

Rendementos de escala e funcións de custos. Relación entre os custos a curto e longo prazo. Curvas de custos.

Bibliografía: Varian, capítulos 21 e 22. Pindyck e Rubinfeld, capítulo 7. Estrin e Laidler, capítulo 12.

#### 15. A DECISIÓN DE PRODUCCIÓN: A OFERTA DA EMPRESA COMPETITIVA.

A demanda de mercado para unha empresa competitiva. Maximización do beneficio e oferta da empresa. Beneficios e excedente do produtor. A curva de oferta a longo prazo da empresa. A oferta da industria.

Bibliografía: Varian, capítulo 23. Pindyck e Rubinfeld, capítulo 8. Estrin e Laidler, capítulo 13.

#### 16. A OFERTA DA INDUSTRIA EN COMPETENCIA PERFECTA.

A oferta da industria a curto prazo e a longo prazo. O equilibrio competitivo a curto e longo prazo. Efectos sobre o equilibrio de diferenzas de eficiencia entre as empresas e efectos de variacións nos prezos dos factores.

Bibliografía: Varian, capítulo 24. Pindyck e Rubinfeld, capítulo 8. Estrin e Laidler, capítulo 14.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	42	84	126
Resolución de problemas	27	54	81
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6
Exame de preguntas obxectivas	2	4	6
Exame de preguntas obxectivas	2	4	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	A metodoloxía docente consistirá no desenvolvemento de varios tipos de clases (teóricas e prácticas) e no traballo persoal do alumno para consolidar os coñecementos e adquirir soltura na resolución dos problemas expostos.  Nas clases teóricas expóranse de forma reducida os principais contidos dos distintos temas, desenvolvéndose con máis detalle os puntos de maior complexidade. Para un adecuado seguimento e comprensión das clases é conveniente que os alumnos lean con antelación a bibliografía básica recomendada para cada un dos temas.
Resolución de problemas	As clases prácticas consistirán na resolución de follas de exercicios que se proporcionarán aos alumnos con antelación para que os resolvan antes da clase. Dese modo, poderán identificar aquelas cuestións que lles resultan máis dificultosas e poderán resolver as súas dúbidas en clase.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As titorías personalizadas concertaranse previamente por correo electrónico (cpazo@uvigo.es). Poderán ter lugar presencialmente no despacho 404 da facultade (se as condicións sanitarias permíteno) ou a través do despacho virtual 1882 (Contrasinal estudante: Despacho1882).
Resolución de problemas	As titorías personalizadas concertaranse previamente por correo electrónico (cpazo@uvigo.es). Poderán ter lugar presencialmente no despacho 404 da facultade (se as condicións sanitarias permíteno) ou a través do despacho virtual 1882 (Contrasinal estudante: Despacho1882).

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizarase un control con preguntas tipo test (relativas a contidos teóricos e prácticos) e pequenos problemas que formarán parte da avaliación continua da materia.	20	CE2 CE5 CE6 CE7 CE10	CT5
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba parcial dos contidos teóricos e prácticos dos temas 1 a 8.	40	CE2 CE5 CE6 CE7 CE10	CT5
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba parcial dos contidos teóricos e prácticos dos temas 9 a 16.	40	CE2 CE5 CE6 CE7 CE10	CT5

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Cada estudante poderá optar entre (1) avaliación continua ou (2) exame global.

**1. Avaliación continua.** Neste caso a cualificación obterase do seguinte modo:

- 20% cun control dos primeiros 5 temas.
- 40% cunha proba parcial dos temas 1 a 8.
- 40% cunha proba parcial dos temas 9 a 16 (se o intervalo entre a data oficial do exame final e a finalización das clases é inferior a 15 días, esta proba celebrarase nesa data).

Para aprobar a materia a cualificación obtida ha de ser maior ou igual a 5 puntos (sobre 10), sendo ademais imprescindible obter en cada unha das dúas probas parciais unha puntuación igual ou superior a 4 puntos (sobre 10). Si non se alcanza esa puntuación nalguna das dúas probas parciais, poderase recuperar a parte correspondente no exame que se celebrará na data oficial recollida na páxina web da facultade (<http://fccee.uvigo.es>). Si tampouco se alcanza esa puntuación nese exame (ou non se presenta ao exame), a nota final máxima da materia será de 4 puntos.

Para o alumnado que teña que recuperar as dúas probas parciais é imprescindible que en cada unha das dúas partes obtéñase unha puntuación igual ou superior a 3,5 puntos (sobre 10). Si non se cumpre a condición anterior, (ou non se presenta ao exame), a nota máxima da materia será de 4 puntos.

O alumnado que non se presente a ningún dos parciais, nin á súa recuperación no exame final, será cualificado como Non Presentado (aínda que realizase o control dos 5 primeiros temas).

O alumnado pode renunciar a ser cualificado por avaliación continua se así o comunica antes do 30 de novembro.

**2. Exame global:** O exame celebrarase na data oficial recollida na páxina web da facultade e suporá o 100% da nota. O exame constará de dous partes (a primeira corresponderá aos temas 1 a 8 e a segunda aos temas 9 a 16), cada unha das cales suporá o 50% da cualificación final. Para aprobar a materia, é necesario que a media das cualificacións das dúas partes sexa igual ou superior a 5 puntos (sobre 10), sendo ademais imprescindible que en cada unha das dúas partes obtéñase unha puntuación igual ou superior a 3,5 puntos (sobre 10). Si non se cumpre a condición anterior, a nota máxima da materia será de 4 puntos.

**Exame de fin de carreira:** O exame de fin de carreira suporá o 100% da nota.

**Datos oficiais de examen:** Poden ser consultadas na páxina web da facultade: <http://fccee.uvigo.es>

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Varian, H. R., **Microeconomía Intermedia. Un enfoque actual**, 9ª Edición, Antoni Bosch, 2015

Carrasco, A. et al., **Microeconomía Intermedia: Problemas y Cuestiones**, 1ª Edición, McGraw Hill, 2003

Gracia, E. y R. Pérez, **Cuestiones tipo test de Microeconomía Intermedia**, 1ª Edición, Prentice Hall, 2004

#### **Bibliografía Complementaria**

Carrasco, A. et al., **Microeconomía: Ejercicios y Cuestiones**, 1ª Edición, McGraw Hill, 2013

Estrin, S. y D. Laidler, **Microeconomía**, 4ª Edición, Prentice Hall, 1995

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Microeconomía II/V03G100V01404

---

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Matemáticas II/V03G100V01303

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

---

### **Outros comentarios**

Non existe ningún requisito formal para poder cursar esta materia, aínda que resulta recomendable ter superada a materia do primeiro curso "Economía. Principios de Economía I".

Suponse que os alumnos están familiarizados con conceptos económicos básicos: demanda, oferta, equilibrio, elasticidade, competencia perfecta.

Ademais, o alumno debe posuír coñecementos básicos de matemáticas, adquiridos no bacharelato e na materia de matemáticas cursada no primeiro ano do grao. En particular, o alumno debe ter coñecementos elementais de álgebra (operación e manipulación de expresións algebraicas, resolución de sistemas de ecuacións), representación gráfica de funcións dunha variable, derivación de funcións dunha variable e obtención de derivadas parciais en funcións de varias variables.

Na plataforma docente poderase consultar información relevante para o seguimento da materia.

---

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes

As clases presenciais substituiranse por clases virtuais utilizando o campus remoto.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías):

As tutorías atenderanse a través do correo electrónico e do despacho virtual (con concertación previa).

\* Modificacións dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non será necesaria bibliografía adicional.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Manteranse as puntuacións obtidas nas probas realizadas.

\* Probas pendentes

Si non é posible facer exames presenciais, os exames realizaranse utilizando a plataforma docente e/ou o campus remoto.

A ponderación das diversas probas non cambiará.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Contabilidade**

Materia	Contabilidade			
Código	V03G100V01401			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Buch Gómez, Enrique Juan			
Profesorado	Buch Gómez, Enrique Juan			
Correo-e	ebuch@uvigo.es			
Web	http://fccee.uvigo.es			
Descrición xeral	Introducir ao alumno no ámbito da información económico-financiera como instrumento necesario ao proceso de toma de decisións no contexto das entidades lucrativas.- Incorporar ao alumno á filosofía do sistema contable como sistema informativo integrado en toda organización, imprescindible para o seu adecuado funcionamento.- Fomentar no alumno a idea da utilidade da ciencia contable tanto para a sociedade no seu conxunto como no ámbito da concreta entidade económica.			

**Competencias**

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Coñecer o funcionamento básico dun sistema contable como instrumento informativo ao servizo do proceso de toma de decisións	CB2 CB3 CB4	CE13
Coñecer a regulación positiva da contabilidade, os seus obxectivos e carácter relativo, así como o funcionamento do sistema contable empresarial no contexto da regulación positiva española.	CB2 CB3 CB4	CE13

**Contidos**

Tema	
1. A información económica e a toma de decisións	1.1. A información económico-empresarial 1.2. A utilidade da información económica. 1.3. Os usuarios da información económica. 1.4. A información contable: características e requisitos
2. Concepto e División da Contabilidade	2.1. Introducción ao concepto de contabilidade 2.2. División da contabilidade.
3. O Patrimonio da Empresa: elementos e relacións	3.1. O patrimonio da empresa e os seus compoñentes. 3.2. Análisis do Activo. 3.3. Análisis do Pasivo. 3.4. O fondo de manobra. 3.5. O período medio de maduración da empresa.
4. Método contable e a súa instrumentalización	4.1. O método contable e os seus obxectivos. 4.2. Os feitos contables: A súa clasificación e formulación. 4.3. Os feitos contables e o concepto de resultado. 4.4. A conta como instrumento contable. 4.5. Tipos de conta e o seu funcionamento. 4.6. O método de partida dobre. 4.7. O rexistro das operacións contables. 4.8. Contas administrativas e contas especulativas.

5. O ciclo contable	5.1. O ciclo contable: concepto e fases. 5.2. A fase inicial: inventario e apertura. 5.3. O desenvolvemento do exercicio: fase de xestión. 5.4. As operacións de conclusión do exercicio: a fase de peche. 5.5. A elaboración das contas anuais
6. A normalización contable: a regulación legal da contabilidade en España	6.1. A normalización contable: concepto, utilidade e tipos. 6.2. A regulación legal da contabilidade en España: o Plan Xeral de Contabilidade. 6.3. A estrutura do Plan Xeral de Contabilidade. 6.4. Os principios contables e as contas anuais.
7. O proceso de valoración contable	7.1. A valoración contable: concepto. 7.2. Valoración analítica e valoración sintética. 7.3. Os criterios de valoración no Plan Xeral de Contabilidade español.
8. Análise e contabilización das existencias	8.1. Concepto e clases de existencias. 8.2. A valoración das existencias. 8.3. A contabilización das existencias. 8.4. Depreciación das existencias. 8.5. A problemática contable de envases e embalaxes. 8.6. A problemática contable do IVE.
9. Disponibilidades líquidas e dereitos de cobro	9.1. O efectivo e outros activos líquidos equivalentes. 9.2. Os dereitos correntes de cobro. 9.3. A depreciación dos dereitos correntes de cobro.
10. O pasivo corrente	10.1. O pasivo: concepto e clases. 10.2. Os pasivos por operacións de tráfico. 10.3. As débedas con entidades de crédito e outros pasivos de natureza financeira. 10.4. Outras contas pasivas.
11. O inmovilizados material e intanxible	11.1. Concepto e clases. 11.2. O inmovilizado material. 11.3. Os inmovilizados materiais en curso. 11.4. Os investimentos inmobiliarios. 11.5. O inmovilizado intangible. 11.6. As correccións valorativas.
12. Os investimentos financeiros	12.1. Concepto e clases. 12.2. A valoración dos investimentos financeiros. 12.3. Os dereitos preferentes de subscripción e a súa problemática contable. 12.4. A problemática contable das accións e participacións de capital. 12.5. A problemática contable dos valores de renda fixa e créditos asimilados.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	60	90
Resolución de problemas	15	30	45
Observación sistemática	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	2	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Ao longo das clases prácticas, a medida que os alumnos desenvolven de modo autónomo problemas ou exercicios propostos polo profesor, resolveranse as dúbidas ou cuestións dun modo personalizado.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática por parte do docente co obxectivo de rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. Trátase de valorar aprendizaxes e accións e como levan a cabo valorando a orde, precisión, destreza, eficacia...	10	CB2 CB3 CB4
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas que inclúen preguntas abertas sobre algúns aspectos teóricos. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia con respostas relativamente extensas.	20	CB2 CB3 CB4
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que ou alumno/a debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor/a. De este modo, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu.	70	CB2 CB3 CB4

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### Avaliación continua

Durante o curso o alumno será obxecto de avaliación a través de probas escritas de desenvolvemento, de resolución de problemas e exercicios, así como da realización de actividades na aula que serán computadas e rexistradas a través da observación sistemática por parte do profesor.

As preguntas de desenvolvemento avalían o nivel de coñecementos teóricos e supón o 20% da cualificación da materia. Durante o curso, avaliarase a disposición do alumno ante a materia (asistencia, participación, actitude, ...) que será rexistrada a través dunhas cualificacións que suporá até o 10% da cualificación final. O 70% restante da cualificación da materia por avaliación continua derivarase dun exame escrito que se celebrará ao final do curso, nas datas oficiais establecidas polo centro, na que se avaliarán as destrezas do alumno a través da resolución de problemas e/ou exercicios.

Para superar a materia no proceso de avaliación continua será preciso obter unha nota mínima de 4 sobre 10 na proba que avalía as destrezas a través da resolución de problemas e ou exercicios. En caso contrario, a nota máxima global que se poderá obter por avaliación continua é un 4,5.

Para a convocatoria extraordinaria de xullo manteranse as cualificacións correspondentes á Observación sistemática e á do Exame de preguntas de desenvolvemento, polo que esta proba será o 70% da nota final.

#### Avaliación global

Si o alumno non desexa ser valorado polo anteriormente descrito proceso de avaliación continua, deberá comunicar por correo electrónico ao profesor coordinador, antes do 1 de marzo, o seu desexo de avaliarse a través dunha única proba. Esta proba, na que se poderá obter até un total de 10 puntos, conterá preguntas de desenvolvemento e resolución de problemas e/ou exercicios e será realizada, na convocatoria ordinaria e na extraordinaria, nas datas oficiais establecidas polo centro.

#### Exame de Fin de Carreira

Os alumnos que concorran a esta convocatoria serán avaliados co mesmo criterio descrito no apartado de avaliación global.

As datas dos exames oficiais deberán ser consultadas na páxina web da Facultade.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

#### **Bibliografía Complementaria**

#### **Plan General de Contabilidad. R.D. 1514/2007, de 16 de noviembre (B.O.E. 20/11/07),**

- Antonio Sociás Salvá y otros, **Contabilidad Financiera. El Plan General de Contabilidad 2007**, Ed. Pirámide,

- Jose Luis Wanden-Berghe Lozano (coord.), **Contabilidad Financiera. El Nuevo Plan General de Contabilidad y de PYMES.**, Ed. Pirámide,

- Enriqueta Gallego y Mateo Vara, **Manual Práctico de Contabilidad Financiera.**, Ed. Pirámide,

M.F. Losilla; A. Moreno; F. Rodriguez, **Prácticas de Contabilidad financiera**, Garceta G.E.,

### **Recomendacións**

**Descrición**

---

**=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

**=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===****\* Metodoloxías docentes que se manteñen**

En caso de ter que pasar a un sistema de ensino virtual, debido a emerxencia sanitaria ou calquera outro tipo de emerxencia, manteranse as mesmas metodoloxías docentes facendo uso das ferramentas virtuais que a UVigo pon a disposición do PDI e o alumnado (aulas e despachos virtuais, moovi, correo electrónico, etc.)

**\* Metodoloxías docentes que se modifican**

Non é necesario modificar ningunha metodoloxía.

**\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)**

As tutorías realizaranse a través dos medios postos a disposición do profesorado e do alumnado, pola UVigo, con sistema de concertación previa.

**\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir**

Non procede

**\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe**

Non procede

**=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===**

As porcentaxes correspondentes aos distintos tipos de probas, mantéñense, con independencia de que a avaliación sexa virtual ou presencial. En caso de ter que pasar a un sistema de docencia e avaliación virtual, os alumnos serán avaliados a través dos medios que a UVigo pon á nosa disposición (Campus Remoto, moovi, etc.)

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Dirección de empresas</b>				
Materia	Dirección de empresas			
Código	V03G100V01402			
Titulación	Grao en Economía			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Vila Alonso, María Mercedes			
Profesorado	Vila Alonso, María Mercedes			
Correo-e	mvila@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é describir o proceso de xestión empresarial desde a perspectiva estratéxica. Concretamente capacitará ao alumno para identificar e analizar os factores relevantes á hora de fixar estratexias tanto en empresas como noutro tipo de institucións, co fin de que estas alcancen a competitividade necesaria para traballar nun mundo globalizado e ante continuos cambios económicos. O alumno dominará as distintas alternativas estratéxicas e as ferramentas dispoñibles, para conseguir o devandito obxectivo partírase dos coñecementos estudados no curso anterior.			

<b>Competencias</b>	
Código	
CG2	Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia
CG4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
CE7	Comprender o entorno empresarial
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

<b>Resultados de aprendizaxe</b>			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Aplicar os procedementos de análises e coñecementos adquiridos á resolución de problemas/cuestiones concretas, a nivel estratéxico, no ámbito da empresa.	CE8	CE12	CT5 CT7
Promover a capacidade do alumno para aplicar coñecementos adquiridos na consulta de bibliografía e fontes de información diversa, para a reflexión e a defensa de argumentos, resolución de problemas e análises diversas sobre dirección da empresa.	CE8	CE9	
Ser capaz de aplicar os diferentes conceptos teóricos e as distintas visións persoais dun equipo de traballo na realización dun proxecto común	CG2 CG4	CE7 CE8 CE9 CE12	CT2 CT5 CT7
Comprender a contorna xeral e a contorna específica da empresa, identificando ameazas e oportunidades para a toma de decisións estratéxicas.		CE7 CE8 CE9	
Ser capaz de identificar os obxectivos, valores, recursos e capacidades dunha organización que permitan a creación dunha vantaxe competitiva		CE7 CE8	
Coñecer as alternativas estratéxicas da empresa, así como as direccións de desenvolvemento estratéxico e ser capaz de formular as estratexias competitivas e corporativas máis adecuadas para responder os retos da contorna.		CE7 CE8 CE9 CE12	

<b>Contidos</b>	
Tema	
0. Introducción	
1. Os obxectivos e os valores da empresa.	1.1. Os obxectivos da empresa 1.2. A visión e o propósito estratéxico. 1.3 A RSE.



2. Análise da contorna xeral	2.1. Concepto e tipoloxía de contorna 2.2. Análise da contorna xeral 2.3. Análise da contorna futura: O método dos escenarios
3. Análise da contorna específica	3.1. Delimitación da contorna específica 3.2. Análise da estrutura da industria 3.3. A segmentación de mercados: grupos estratéxicos
4. Análise interna da empresa	4.1. O diagnóstico interno da empresa 4.2. A cadea de valor 4.3. A análise DAFO
5. Análise dos recursos e capacidades	5.1. A análise de recursos e capacidades 5.2. Identificación dos recursos e capacidades 5.3. Avaliación dos recursos e capacidades
6. Estratexia e vantaxe competitiva	6.1. Estratexia e vantaxe competitiva 6.2. A vantaxe competitiva en custos 6.3. A vantaxe competitiva en diferenciación 6.4. Ampliación de estratexias: O reloxo estratéxico.
7. Direccións de desenvolvemento estratéxico	7.1. O crecemento e desenvolvemento da empresa 7.2. Direccións do desenvolvemento 7.3 Métodos de desenvolvemento. 7.4 A estratexia de internacionalización
8. Implantación e Control Estratéxico	

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	45	45	90
Estudo de casos	22.5	45	67.5
Seminario	7.5	30	37.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	27	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices do traballo, exercicios ou proxectos a desenvolver polo estudantado
Estudo de casos	Analízanse lecturas con casos, reais ou ficticios, coa finalidade de coñecerlo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, reflexionar, debater
Seminario	Tutorías en grupo reducido. Reunións que o/a alumno/a mantén co profesorado da materia para asesoramento, desenvolvemento e supervisión de actividades da materia no proceso de aprendizaxe

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolución personalizada de problemas do alumnado á hora de entender os coñecementos teóricos impartidos. Realízanse preferentemente por medios telemáticos: correo electrónico, foros, despacho virtual (baixo a modalidade de concertación previa)
Seminario	Resolución de problemas do alumnado á hora de entender os coñecementos teórico-prácticos impartidos. Realízanse preferentemente por medios telemáticos: correo electrónico, foros, despacho virtual (baixo a modalidade de concertación previa)
Estudo de casos	Resolución personalizada de problemas do alumnado a hora de levar a práctica os coñecementos teóricos adquiridos. Realízanse preferentemente por medios telemáticos: correo electrónico, foros, despacho virtual (baixo a modalidade de concertación previa)

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Estudo de casos	Estudo, debate e participación na resolución de supostos, reais ou ficticios, de formulacións estratéxicas por parte de empresas e outras institucións. Realización e presentación de traballos propostos por o profesor.	40	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas individuais escritas de avaliación sobre os contidos teóricos e prácticos da materia	60	

---

## Outros comentarios sobre a Avaliación

---

A Información detallada sobre o procedemento de avaliación estará dispoñible na plataforma de Teledocencia, e se informará disto os estudantes o primeiro día de clase.

Na materia ofrécense dous tipos de avaliación:

### **Estudantes que optan por avaliación continua (é presencial e require asistencia activa o 80% das clases prácticas):**

O 40% da nota será da parte práctica (70% exercicios nas sesións prácticas e 30% traballo en equipo). Para superar esta parte será necesario ter realizadas e entregadas todas practicas, así como o traballo en equipo, na forma e prazos establecidos. En caso de non superarse faráse un exame práctico. Esta nota gardarase até a convocatoria extraordinaria.

O 60% restante será a nota do exame teórico. Realizaranse exames de avaliación continua, un a metade do cuadrimestre e outro ó final, este último só se é posible por datas, de non ser así, realizarase na data da convocatoria oficial establecida no calendario de exames, de forma que os estudantes que superasen o primeiro exame so terán que examinarse na convocatoria oficial da parte restante, os que non o superen examinaranse de toda a materia no exame da convocatoria oficial.

A nota de teoría será a media das dúas partes sempre que se acade unha nota mínima de 4 -sobre 10- en cada exame, en caso contrario a nota será suspenso e as partes aprobadas gardaranse até a convocatoria extraordinaria.

A nota final da materia é a resultante da media ponderada de nota practica e da parte tórica. Quen non se presente o exame teórico ou non alcance a nota mínima de 4,5 no devandito exame, figurará coa nota da parte practica (un máximo de 4).

### **Avaliación non continua. Estudantes que non superan un 80% de asistencia activa a clases practicas:**

O 60% da nota será a nota do exame teórico (dividido en duas partes como na avaliación continúa, requírese unha nota minima de 4 -sobre10- en cada parte para facer media).

O 40% da nota será a puntuación da parte práctica, desglosado como sigue: 20% nota de exame práctico, 5% entrega (na datado exame) do traballo proposto, 15% entrega (na data do exame) das practicas do curso.

Nesta modalidade non terán dereito a parciais e o traballo será individual.

E necesario ter polo menos un 4,5 en cada parte (teoría e práctica) para aprobar.

**Convocatoria fin de carreira:** o 100% da nota será un examen (60%teoría e 40% práctica). Para aprobar será preciso acadar polo menos un 4,5 en cada unha das partes.

### **Datas oficiais dos exames:**

As datas de exames deberán ser consultadas na páxina web da Facultade: <http://fccee.uvigo.es>

---

---

## Bibliografía. Fontes de información

### **Bibliografía Básica**

Guerras Martín, L.A., Navas López, J.E., **La Dirección Estratégica de la empresa**, Thompson Reuters,

Navas López, Guerras, **Fundamentos de Dirección Estratégica de la Empresa**, Thompson -civitas,

Grant, R., **Dirección estratégica. Conceptos, técnicas y aplicaciones**, Thompson-Civitas,

Guerras Martín, L.A., Navas López, J.E., **casos de Dirección estratégica de la Empresa**, Thompson reuters,

### **Bibliografía Complementaria**

Fernández Sánchez, Esteban, **Fundamentos para la toma de decisiones estratégicas de la empresa**, piramide, 2021

Johnson, G.; Scholes, K; Whittington, R., **Dirección Estratégica**, Pearson,

---

---

## Recomendacións

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Empresa: Economía da empresa/V03G100V01204

---

### **Outros comentarios**

Farase chegar os estudantes a información e pautas concretas que sexa necesario en cada momento do proceso a través da plataforma docente

---

**Descrición**

---

**=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

**=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===**

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

O uso da plataforma de teledocencia como reforzo os contidos docentes

\* Metodoloxías docentes que se modifican

A actividade docente impartirase mediante Campus Remoto e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade dos estudantes aos contidos docentes.

\* Mecanismo non presencial de atención os estudantes (titorías)

As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros,...) sempre baixo a modalidade de concertación previa.

\* Modificacións (se procede) dos contidos a impartir

Non procede

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

**=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===**

\* Probas xa realizadas

Manterase o peso das probas realizadas

\* Probas pendentes que se manteñen

Manterase o peso das probas pendentes

\* Probas que se modifican

No caso de que os exames se teñan que realizar en modalidade non presencial por medios telemáticos (plataforma de docencia e Campus Remoto), serán na modalidade de tipo test

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Estatística II</b>				
Materia	Estatística II			
Código	V03G100V01403			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	Bergantiños Cid, Gustavo			
Profesorado	Bergantiños Cid, Gustavo Lorenzo Picado, Leticia			
Correo-e	gbergant@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	La presente materia recolle diferentes técnicas de inferencia estatística, tanto paramétrica coma non paramétrica e unha iniciación as técnicas de regresión lineal.			
	Materia dentro do programa English Friendly.			

<b>Competencias</b>	
Código	
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

<b>Resultados de aprendizaxe</b>		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Saber interpretar e sacar conclusións de uns datos	CE8 CE10 CE12	CT5 CT7
Acoutar os valores de un parámetro descoñecido, controlando o erro que estamos cometendo	CE8 CE10 CE12	CT5 CT7
Saber baixo que condicións se pode supoñer que un parámetro toma un valor concreto ou un rango de valores	CE8 CE10 CE12	CT5 CT7
Saber cando podemos facer suposicións respecto a distribución de unha ou varias variables descoñecidas	CE8 CE10 CE12	CT5 CT7
Saber atopar relacións lineais entre un par de variables	CE8 CE10 CE12	CT5 CT7

<b>Contidos</b>	
Tema	
1. Introducción	1. Recordatorio de Estatística 1 2. Obxectivos de estatística 2.
2. Estimación puntual	1. Introducción 2. Propiedades de os estimadores 3. Estimador de máxima verosimilitud
3. Estimación por intervalo	1. Introducción 2. Intervalos para distribucións normais 3. Intervalos para proporcións 4. Intervalos para a media dunha Poisson
4. Contrastes de hipótese paramétricos	1. Introducción 2. Contrastes para distribucións normais 3. Contrastes para proporcións 4. Contrastes para a media dunha Poisson

5. Contrastes de hipótese non paramétricos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. Contrastes de aleatoriedade</li> <li>3. Contrastes de bondade de axuste</li> <li>4. Contrastes de homoxeneidade para mostras independentes</li> <li>5. Contrastes de homoxeneidade para mostras apareadas</li> <li>6. Contrastes de independencia</li> </ol>
6. O modelo de regresión lineal simple	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. O estimador de mínimos cadrados ordinario.</li> <li>3. O coeficiente R cadrado.</li> <li>4. Contrastes e intervalos dos parámetros do modelo.</li> <li>5. Predición</li> </ol>

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	10	0	10
Seminario	2.5	0	2.5
Prácticas de laboratorio	6	0	6
Resolución de problemas de forma autónoma	0	30	30
Lección maxistral	30	30	60
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	34	36
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.5	4	5.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	O profesor fará unha serie de exercicios a modo de exemplo
Seminario	Os alumnos discutirán co profesor as dúbidas dos distintos temas
Prácticas de laboratorio	Os alumnos farán prácticas do programa SPSS na aula de informática
Resolución de problemas de forma autónoma	Os alumnos deben resolver de forma autónoma exercicios que se proporán en clases
Lección maxistral	O profesor explicará os conceptos teóricos que se usarán no curso

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O profesor resolverá as dúbidas que teñan os alumnos sobre os exercicios propostos nos boletíns de problemas.
Seminario	O profesor discutirá cos alumnos sobre diversos aspectos da materia.
Prácticas de laboratorio	O profesor resolverá as dúbidas que teñan os alumnos sobre a práctica que se realiza.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase un exame final.	70	CE8 CT5 CE10 CT7 CE12
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse varias probas ao longo do curso. Aproximadamente as prácticas de laboratorio serán o 10%, as probas parciais o 15% e a participación en clase (resolución de exercicios, resposta a preguntas,...) o 5%.	30	CE8 CT5 CE10 CT7 CE12

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

Os estudantes terán a posibilidade de non facer algunhas partes do exame final e ser avaliados en función da nota que obtiveron nas probas parciais de acordo ca seguinte fórmula  $f(p) \cdot n(p) / e(p)$  onde  $f(p)$  é a valoración da parte  $p$  no exame final,  $e(p)$  a valoración da parte  $p$  no exame parcial e  $n(p)$  a nota obtida polo estudante na parte  $p$  do exame parcial.

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Isto aplícase ás dúas convocatorias.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

F.J. Martín-Pliego López, L. Ruiz-Maya Pérez, **Fundamentos de Inferencia Estadística**, 2005, Thomson, 2005

F.J. Martín-Pliego López, J.M. Montero Lorenzo, L. Ruiz-Maya Pérez, **Problemas de Inferencia Estadística**, 2005, Thomson, 2005

P. Newbold, W.L. Carlson, B.M. Thorne, **Estadística para administración y economía**, 2013, Pearson, 2013

### **Bibliografía Complementaria**

G.C. Canavos, **Applied probability and statistical methods**, 1984, Little Brown,

T.H. Woonacott, R.J. Wonnacott, **Introductory Statistics**, 1990, John Wiley,

J.D. Gibbons, S. Chakraborti, **Nonparametric Statistical Inference**, 2011, CRC Press,

V.K. Rohatgi, A.K.E. Saleh, **An Introduction to Probability and Statistics**, 2015, John Wiley,

G. Casella, R.L. Berger, **Statistical Inference**, 2002, Duxbury/Thomson Learning,

J. Baró Llinás, **Inferencia Estadística. Aplicaciones Económico Empresariales**, 1993, Parramón, 1993

G.C. Canavos, **Probabilidad y Estadística: Aplicaciones y métodos**, 1997, McGraw Hill, 1997

J. M. Casas-Sánchez y otros, **Ejercicios de inferencia estadística y muestreo para economía y administración de empresas**, 2006, Pirámide, 2006

C. Cuadras, **Problemas de Probabilidad y Estadística**, 1995, PPU, 1995

L. Martínez, C. Rodríguez, R. Gutiérrez, **Inferencia Estadística, un enfoque clásico**, 1993, Pirámide, 1993

D. Peña, **Fundamentos de Estadística**, 2001, Alianza, 2001

D. Peña, **Regresión y diseño de experimentos**, 2010, Alianza, 2010

F. Tusell, L. Garín, **Problemas de Probabilidad y Inferencia Estadística**, 1991, Tebar Flores, 1991

B. Visauta, **Análisis estadístico con SPSS 14**, 2007, McGraw Hill, 2007

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Econometría I/V03G100V01501

Econometría II/V03G100V01601

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Estadística: Estadística I/V03G100V01205

Matemáticas: Matemáticas I/V03G100V01104

Matemáticas II/V03G100V01303

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

No caso de que as autoridades competentes (Goberno de España, Xunta de Galicia, universidade de Vigo, etc) tivesen que tomar medidas que imposibilitasen a docencia presencial, o profesorado da materia tentará adaptarse á nova situación seguindo as directrices que diten ao respecto.

En canto á metodoloxía docente, cambiaranse as clases presenciais por clases virtuais a través do campus remoto. Os contidos que se impartirán deste xeito non cambiarán e, polo tanto, non será necesaria nova bibliografía.

En canto ao sistema de avaliación, se cambiarán os exames presenciais por virtuais, que se realizarán a través dalgunha das plataformas que a universidade habilite a tales efectos (moovi, despachos remotos, etc). A ponderación das diversas probas non se cambiará salvo circunstancias de forza maior (por exemplo, a universidade de Vigo durante o curso 2019-20 limitou a ponderación máxima do exame final).

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Microeconomía II**

Materia	Microeconomía II			
Código	V03G100V01404			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Castro Rodríguez, Fidel			
Profesorado	Castro Rodríguez, Fidel Lorenzo Alonso, Pedro Pazo Martínez, María Consuelo			
Correo-e	fcastro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia impártese no segundo cuadrimestre do segundo curso do grao en Economía e xunto coa materia Microeconomía I, impartida no primeiro cuadrimestre, configura un curso completo de microeconomía intermedia. Estas dúas materias desenvolven máis formalmente os contidos presentados na materia Principios de Economía I, co obxectivo de familiarizar os estudantes co método da análise económica, en particular, co proceso de "modelización" dos problemas económicos. O obxectivo concreto é analizar detalladamente o comportamento individual dos axentes económicos e o funcionamento dos mercados nos que interactúan, tanto nun contexto de competencia perfecta (Microeconomía I), como nun contexto de competencia imperfecta (Microeconomía II). A análise se realizará, en primeiro lugar, dende unha perspectiva de equilibrio parcial (Microeconomía I), para logo abordar a análise dende unha perspectiva de equilibrio xeral (Microeconomía II).			

**Competencias**

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG3	Exercitar habilidades de aprendizaxe autónoma que abran campos para a innovación
CG4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
CG6	Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos
CG7	Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE7	Comprender o entorno empresarial
CE10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
CT1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

1. Lograr que os estudantes sexan capaces de abordar preguntas económicas construíndo modelos económicos simples.	CB1	CG3	CE2	
	CB2	CG4	CE5	
2. Desenvolver nos estudantes a capacidade para analizar de forma rigorosa os efectos de cambios na contorna económica sobre o comportamento dos axentes e a súa consecuenta repercusión nos mercados.	CB3	CG6	CE6	
	CB4	CG7	CE7	
	CB5		CE10	
3. Lograr que sexan capaces de formarse unha opinión fundamentada sobre calquera problema económico. En particular, lograr que sexan capaces de avaliar a eficacia de calquera instrumento de política microeconómica que se introduza nun mercado, en canto á consecución dos obxectivos para os cales devandito instrumento se expuxese.	CB2	CG3	CE10	CT5
	CB3	CG6		
4. A consecución da competencia anterior capacitará aos estudantes para realizar informes de asesoramento económico.				
5. Potenciar a habilidade de expresar e defender argumentos en público de forma coherente e fundamentada.				
6. Fomentar a capacidade de traballar en grupo e de actuar con responsabilidade e principios éticos, cumprindo os compromisos adquiridos.				CT1
				CT2
				CT4
				CT7

## Contidos

### Tema

- Equilibrio xeral con intercambio.
- Equilibrio xeral con produción.
- Economía do benestar.
- Externalidades.
- Bens públicos.
- Información asimétrica.
- Poder de mercado.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	42	86	128
Resolución de problemas de forma autónoma	21.5	33.75	55.25
Seminario	6.5	11.25	17.75
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	3	4
Exame de preguntas obxectivas	2	8	10
Exame de preguntas obxectivas	2	8	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Nas clases maxistrais exporase de forma reducida os principais contidos dos distintos temas, desenvolvendo con máis detalle os puntos de maior complexidade. Para un adecuado seguemento e comprensión das clases é conveniente que os alumnos lean con antelación a bibliografía básica recomendada para cada un dos temas.
Resolución de problemas de forma autónoma	As clases prácticas consistirán na resolución de follas de exercicios que se proporcionarán aos alumnos con antelación para que os resolvan antes da clase. Deste xeito, poderán identificar aquelas cuestións que lles resulten máis dificultosas e poderán resolver as súas dudas na clase.
Seminario	Nos seminarios en grupos se realizarán diversas actividades dirixidas a afianzar os coñecementos adquiridos polos alumnos nas clases teóricas e prácticas.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Sesións para facilitar o entendemento do contido das clases maxistrais e conseguir que os alumnos podan resolver de forma individual e autónoma as follas de exercicios entregadas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Sesións para facilitar que os alumnos podan resolver de forma individual e autónoma as follas de exercicios entregadas.

## Avaliación

Descrición	CualificaciónCompetencias Avaliadas
------------	-------------------------------------



Resolución de problemas e/ou exercicios	Control tipo test relativo a contidos teóricos e prácticos	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG4 CG6 CG7	CE2 CE5 CE6 CE7 CE10	CT1 CT2 CT4 CT5 CT7
Exame de preguntas obxectivas	Proba parcial dos contidos teóricos e prácticos dos temas 1 a 3.	40	CB1 CB2 CB3		CE2 CE5 CE6 CE7 CE10	CT5
Exame de preguntas obxectivas	Proba parcial dos contidos teóricos e prácticos dos temas 4 a 7.	40	CB1 CB2 CB3		CE2 CE5 CE6 CE7 CE10	CT5

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Cada estudante poderá optar entre avaliación continua ou exame global da materia.

#### Avaliación continua

Neste caso a cualificación obterase do seguinte xeito:

- o **20%** cun **control** dos primeiros temas.
- o **40%** coa realización dunha **proba parcial** dos contidos teóricos e prácticos dos temas 1 a 3.
- o **40%** coa realización dunha **proba parcial** dos contidos teóricos e prácticos dos temas 4 a 7.

Para aprobar a materia a cualificación final terá que ser igual ou maior a 5 puntos (sobre 10), sendo ademais imprescindible obter en cada unha das dúas probas parciais unha puntuación igual ou superior a 4 puntos (sobre 10). Se non se acada esa puntuación nalguna das dúas probas parciais, poderase recuperar no exame que se celebrará na data oficial recollida na páxina web da Facultade (<http://fccee.uvigo.es>). Se tampouco se acada esa puntuación no exame (ou non se presenta ao exame), a nota final máxima da materia será de 4 puntos.

Para o alumnado que teña que recuperar as dúas probas parciais é imprescindible que en cada unha das dúas partes obteñan unha puntuación igual ou superior a 3,5 puntos (sobre 10). Se non se cumpre a condición anterior (ou non se presenta ao exame), a nota máxima da materia será de 4 puntos.

#### Exame global

O exame celebrarase na data oficial recollida na páxina web da Facultade e suporá o 100% da nota. O exame constará de dúas partes (a primeira corresponderá aos temas 1 a 3 e a segunda aos temas 4 a 7), cada unha das cales suporá o 50% da cualificación final. Para aprobar a materia é necesario que a media das cualificacións das dúas partes sexa igual ou superior a 5 puntos (sobre 10), sendo ademais imprescindible que en cada unha das partes se obteña unha puntuación igual ou superior a 3,5 puntos (sobre 10). Se non se cumpre a condición anterior, a nota máxima da materia será de 4 puntos.

#### Exame de fin de carreira

O exame de fin de carreira suporá o 100% da nota.

As datas dos exames poden ser consultadas na páxina web da Facultade: <http://fccee.uvigo.es>

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Varian, H. R., **Microeconomía Intermedia. Un enfoque actual.**, 9ª Edición, Antoni Bosch, 2015

Pindyck, R. S. y Rubinfeld, D. L., **Microeconomía**, 9ª Edición, Pearson, 2018

Carrasco, A. et al., **Microeconomía Intermedia**, 1ª Edición Revisada, McGraw Hill Ed., 2013

Gracia, E. y R. Pérez, **Cuestiones tipo test de Microeconomía Intermedia**, Pearson Education, 2004

#### Bibliografía Complementaria

Estrin, S. y D. Laidler, **Microeconomía**, 4ª Edición, Prentice Hall, 1995

Nicholson, W., **Teoría Microeconómica. Principios Básicos y Aplicaciones.**, 11ª Edición, Thomson, 2015

Villar, A., **Lecciones de Microeconomía**, 1ª Edición, Antoni Bosch, 1999

Mas-Colell, A., Whinston, M.D. y Green, J.R., **Microeconomic Theory**, 1ª edición, Oxford University Press, 1995

### Recomendacións

### **Materias que continúan o temario**

Economía industrial/V03G100V01603

Economía da información/V03G100V01917

Fundamentos económicos da defensa da competencia/V03G100V01918

Microeconomía avanzada/V03G100V01915

Teoría de xogos/V03G100V01916

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Microeconomía I/V03G100V01304

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes

As clases presenciais serán substituídas por clases virtuais a través de Campus Remoto.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías serán realizadas a través do despacho virtual (previa cita) e por correo electrónico.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos agás se produza unha interrupción do curso.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non será necesaria bibliografía adicional

\* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Manteranse os pesos das probas realizadas.

\* Probas pendentes que se manteñen

Manteranse todas as probas pendentes e cos mesmos pesos.

\* Probas que se modifican

Non se modificará ningunha proba

\* Novas probas

Non se realizarán probas novas

\* Información adicional